

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

do 28 de xaneiro de 2016

ACTA Nº 1/2016

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de xaneiro do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Caridad González Cerviño

D^a Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D. Manuel Bartolomé Freire Eiras

D. Manuel María García Fernández

D^a Paula Simal Mayo

Secretario: D. Luís Alberto Gil García

Non asiste o concelleiro do Grupo Popular, D. José Vázquez Rama.

ORDE DO DÍA

A.-.- Parte Dispositiva.

1 .- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (24.08.2015 – 29.10.2015 -23.11.2015 – 26.11.2015 – 15.12.2015 e 23.12.2015).

2.-APROBAR A PARTICIPACIÓN NO “PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO DA DEPUTACIÓN - (PAI) 2016.

3.- MOCIÓN SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE ACUICULTURA A PETICIÓN DA PLATAFORMA EN DEFENSA DO MAR DA COMARCA DE MUROS-NOIA, RATIFICADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DE CxG, SOCIALISTA E BNG.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A OBRIGA DE TELEFÓNICA, S.A. DE OFRECER UN SERVIZO UNIVERSAL EN TELECOMUNICACIÓNS.

5.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

6.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

A.- .- Parte Dispositiva.

A Sra. alcaldesa toma a palabra para dar inicio á sesión plenaria

1 .- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (24.08.2015 – 29.10.2015 -23.11.2015 – 26.11.2015 – 15.12.2015 e 23.12.2015).

Sobre a acta do 24.08.2015 a Sra. alcaldesa pregunta aos grupos se teñen algo que dicir.

A Sra. Monteagudo intervén para dicir que non ten nada que obxectar a ningunha acta, pero sinala a demora na aprobación das actas e o feito de só haber dúas aprobadas de oito sesións celebradas.

A Sra. González tamén amosa o seu malestar ante a demora e sinala o seu desacordo coa acta do 24 de agosto ao non contemplar a intervención do secretario á súa pregunta sobre a suxeición do Concello á base de execución 27ª do orzamento relativo ás retribucións dos membros da Corporación; así coma o non reflectir todas as preguntas feitas no punto de rogos e preguntas. Así como, ningunha resposta.

Pide que nesta acta e en todas as demais se poñan as contestacións.

Intervén o Sr. secretario para dicir que a partir de agora se poñerán.

Pregunta a Sra. alcaldesa á voceira socialista se rematou, ao que contesta que non e pide unha segunda intervención. A Sra. alcaldesa di que non hai debate que simplemente ten dicir co que non está de acordo no referido á acta e o Sr. secretario tomará nota e poñerá o que el decida. E eles despois dirán se están de acordo ou non.

A voceira socialista di que non rematou, e continúa dicindo que queren que se faga constar a contestación do secretario e a contestación a todas as preguntas do punto de rogos e preguntas. Tamén expresa o seu desacordo co que o secretario pon nas actas, xa que pon o que quere. Que ten a obriga de poñer o que pasou, e de non ser así, eles poñerán as accións legais correspondentes, porque alí había moita xente.

O Sr. García non ten nada que dicir.

Procédese á votación, e queda aprobada a acta do 24.08.2015 cos votos a favor dos 3 concelleiros/as do grupo de CxG, dos/as tres concelleiros/as presentes do grupo Popular e dos/as dous concelleiros/as do grupo do BNG, e os votos en contra dos/as 4 concelleiros/as do grupo do PSdeG-PSOE.

A Sra. alcaldesa pregunta aos grupos se teñen algo que dicir na seguinte acta e a voceira popular aproveita para desculpar a ausencia do concelleiro, José Vázquez Rama, que foi debida a asuntos laborais.

As actas do 29.10.2015, 23.11.2015, 26.11.2015, 15.12.2015 e 23.12.2015 son aprobadas pola unanimidade dos/as concelleiros/as presentes na sala.

2.-APROBAR A PARTICIPACIÓN NO “PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO DA DEPUTACIÓN - (PAI) 2016.

A Sra. alcaldesa pídelle ao concelleiro de Facenda, o Sr. Uhía Martínez, que explique a proposta.

O Sr. Uhía Martínez explica que a proposta é dedicar o Plan de Aforro e Investimento da Deputación (PAI) integramente á redución de endebedamento.

Dedicar os 219.233,65 € a amortizar o préstamo 0182-10-9545491941, que é de 567.722,04 € e ten un importe pendente de 474.657,79 €

Que entenden que este préstamo é o que maior número de intereses ten e tamén o maior prazo de amortización, e que a carencia de dous anos liberarían á Tesourería.

A Sra. alcaldesa dá paso ás intervencións.

A Sra. Monteagudo empeza a súa intervención dicindo que este punto vén co informe desfavorable da Comisión Informativa.

Continúa explicando que segundo as bases reguladoras do Plan de Aforro e Investimento, que ten unha dotación de 219.233,65 € e que o goberno propón destinalo integramente á amortización de débeda, que segundo as bases do Plan o Concello deberá aplicar a reducir o seu endebedamento como mínimo un importe resultante de aplicar ao préstamo provincial asignado a porcentaxe igual ou maior do seu “nivel de endebedamento”, que segundo o informe de Intervención é dun 45,63%, o que supón uns 100.000 e pico euros, que se deben destinarse á amortización de débeda, podendo destinar o resto, 119.000 €, a investimentos, obras ou subministracións, de competencia municipal con preferencia das destinadas aos servizos obrigatorios. Continúa dicindo que o artigo 25 da Lei das bases de réxime local regula as competencias específicas dos concellos e cita expresamente a evacuación e tratamento de augas residuais, protección da salubridade pública, cemiterio e actividades funerarias. Que hai dous días coñeceuse que a calidade das augas da Virxe do Camiño fora clasificada como insuficiente, cos prexuízos que implica para o sector marisqueiro de Muros e para a saúde pública. Que a opinión maioritaria no sector é que esta se debe aos vertidos procedentes en gran parte do Pozo do Furón, que ten un funcionamento moi deficiente, e dos regatos que desembocan nese areal. Que tamén pola falta de rede de saneamento en zonas amplas da parroquia de Serres. Que este último problema esperan que se palíe cos últimos investimentos aprobados para a zona de Baño, pero que é evidente que senón se solucionan os problemas das estación de bombeo do Furón e do Castelo, pouco se vai conseguir, posto que para chegar á depuradora os residuos teñen que pasar pola estación de bombeo. Que como eles son partidarios de que o Concello exerza as súas competencias e solucione os problemas que estean na súa man e que dada a dependencia da economía de moitas familias coas actividades marisqueiras e os problemas de saúde pública para a veciñanza desta zona, que lles parece necesario e oportuno que se realicen os investimentos oportunos para solucionar este problema.

Que por outro lado o Pleno da Corporación aprobou por unanimidade a proposta do seu grupo para o acondicionamento e mellora do cemiterio da Atalaia, con graves problemas funcionais e estéticos. Que ningún deses problemas pode esperar a que o equipo de goberno elabore os orzamentos para este exercicio. Que están vendo o que pasa con este executivo, que están incumplido todas as promesas que fixeron, sobre os soldos dos membros do goberno, sobre a piscina, que a Sra. alcaldesa publicou como unha gran noticia que ía renunciar ao privilexio de aparcar no reservado do recheo e que confundiu o público co privado xa que nunca tivo ese privilexio pois ese espazo é para uso dos coches do Concello e non dos cargos públicos, pero que segue a utilizar un espazo que non é para ela. Que poderían seguir pero que lles gusta facer política en positivo polo que van ir ás propostas: que propoñen que se destine o 50% da dotación do PAI á amortización de débeda e o outro 50% a investimentos, concretamente ás estacións de bombeo do Furón e do Castelo, incluíndo o mantemento habitual destas instalacións e ao proxecto de adecuación e mellora do recinto da Atalaia. Piden que se proceda á redacción dos proxectos e pregos técnicos

e que de ser preciso se acorde cumprimentar os orzamentos para estas actuacións cunha achega municipal.

A Sra. González, voceira do Grupo socialista, dá comezo á súa intervención felicitando á Deputación Provincial da Coruña pola decisión de poñer a disposición dos concellos unha cantidade importante para paliar as deficiencias de carácter económico que todos os concellos teñen.

Continúa dicindo que visto que o PAI ten unha dotación de 219.233,65 €, estaban esperando unha reunión, xa que o grupo de goberno tan só conta con tres concelleiros/as e están en minoría, pero que traen unha proposta sen chegar a acordos. Que non saben cal foi o criterio que utilizaron para decidir que había que amortizar ese crédito porque hai máis e na proposta non se xustifica. Que tampouco saben cal é o aforro que se vai conseguir anticipando esa cantidade. Que tampouco saben se se pediron ofertas ás entidades financeiras para saber cales eran os beneficios de amortizar un ou outro crédito. E para maior abandono, o interventor informa negativamente, o que xustifica que é unha decisión desaxeitada totalmente. Que eles tamén son partidarios de investir parte deste plan da Deputación en inversión porque é algo que necesita o Concello. Que o seu grupo, mentres gobernaron, investiron unha cantidade moi grande en saneamento, que de feito os proxectos que se aprobaron do POS, eran proxectos do grupo socialista, que non se fixeron novos proxectos, que son a continuación do que xa estaban facendo. Que o proxecto da Rocha non se podía executar de non ter executado previamente a parte que vai por diante da gasoleneira. Que é unha continuidade que lles parece moi axeitada, pero que esta decisión *a tontas e a locas*, por non facer un papel, por non traballar e ver cales son as necesidades reais do concello. Que lles parece que poñer diante dos morros a prensa e os informes que chegan daquela maneira. Que saben que hai moitos máis problemas ca o saneamento, pero que debido á súa transparencia non se ven. Que hai grandes problemas nos bombeos da praia do Castelo e do Pozo do Furón e que non entenden por qué se destina todo investimento do PAI á amortización dun crédito do que non saben tampouco cales son as minoracións da amortización e que supoñen que haberá algún beneficio, que non sabe canto se vai aforrar en intereses, en definitiva que non saben nada.

Continúa dicindo que son partidarios de investir, que o saneamento é prioridade do seu grupo pero que efectivamente hai un acordo plenario que aproba as intervencións no cemiterio de Atalaia e que neste momento tamén é prioritario o arranxo do Chalón, tal e como dixo na Comisión Informativa o representante do BNG.

Anuncia o seu voto en contra a non ser que se cambie e se dedique parte a investimento. Que tamén cren que esa parte que se vai dedicar a investimento, deberían reunirse para decidir entre todos os grupos a onde se vai destinar, de xeito unánime. Que é fundamental agora mesmo dedicar parte do plan á inversión.

O Sr. García, do grupo do BNG, di que que como indicaron na Comisión Informativa lles parece interesante que se dedique parte do plan a inversións. Que se votou en falta ter falado isto antes. Que falaron co goberno, con Intervención e que entenden que se debe minorar o crédito no máximo posible para poder liberar esas partidas e poder realizar esas inversións. Que se Intervención entende que esa é a mellor forma, que lles parece o correcto.

Na segunda rolda de intervencións, a voceira do Grupo Popular anuncia tamén o seu voto en contra. Que levan tempo escoitando que non hai diñeiro para investimentos e que se renuncia a executar obras. Que cren que o tema das estacións de bombeo é fundamental, xa que de non ser así non tería sentido o resto das inversións en saneamento. Que deberían de facer unha comisión e chegar a un acordo. Volver a levalo a Pleno, que hai prazo suficiente para facer unha proposta con consenso e redactar os proxectos e os pregos necesarios.

A Sra. González xustifica o voto do seu grupo en contra dicindo que non queren que se interprete que o Partido Socialista renuncia a eses fondos que a Deputación pon a disposición dos concellos e tamén queren poñer de manifesto que piden que por favor o grupo de goberno que se dedique un pouquiño a traballar no Concello e que as propostas vaian fundamentadas.

O Sr. García di que fóra da orde do día lle parece que están un pouquiño en campaña, que lle asusta en Madrid, que aquí PP e PSOE están a facer discursos políticos e que debe de haber eleccións proximamente. Continúa dicindo que o dedicar investimento a saneamento é fundamental, prioritario e urgente. Que o que quede liberado deses 200.000 €, non lle parece solución. Que facendo un pouco de demagogia política, como están a facer eles, parécelle interesante que os cartos que veñen de Europa dedicados á agricultura se utilizaran en sanear toda a ría, porque esas partidas si que son importantes. Que meter cartos nun bombeo aquí outro alá que hai que facelo, pero do que se trata co PAI é de reducir crédito.

Intervén a Sra. alcaldesa en nome do seu grupo. Di que non hai ningún informe desfavorable da Comisión Informativa (un voto a favor e tres abstencións), e que non hai ningún informe desfavorable de Intervención. Que esa proposta foi feita en base ao suxerido polo departamento de Intervención.

Continúa dicindo que con respecto á calidade da auga da praia da Virxe e á situación do cemiterio, que efectivamente hai un problema gordísimo co saneamento e coa calidade da auga da ría, que por iso se destinaron máis de 600.000 € ao saneamento porque redundará no beneficio da calidade da auga da ría. Que se aprobou no Pleno da Corporación por unanimidade, o que é de agradecer a todos os grupos.

Explica que claro que hai que facer investimentos. Que teñen dúas maneiras de facelos, endebedándose máis destinando o crédito da Deputación a investimentos novos ou destinando estes fondos a reducir crédito para liberar Tesourería e eliminar intereses e con eses cartos facer investimentos e con partidas no novo orzamento. Que ese plan é un crédito que hai que devolver, sen intereses, pero que hai que devolver. Que lles pareceu mellor amortizar débeda para reducir intereses porque a débeda é considerablemente elevada, un 45, 63%. Á pregunta de por qué ese préstamo, indica que foi recomendación de Intervención.

Recórdalle ao PSOE que o ano pasado, o anterior goberno dedicou todo o PAI 2015 á amortización dun préstamo, que por certo non aparecía nos orzamentos. Que apareceu despois no PAI. E que tamén o levou a Pleno sen falalo con ninguén previamente. Que naquel momento, ao igual que agora, lles pareceu o máis conveniente e que por iso votaron a favor.

Contesta ao grupo Popular en relación ás promesas incumpridas, as que facían referencia ao seu grupo. Que non vai contestar a todas xa que non lle deu tempo a anotadas, pero en referencia ás retribucións, o grupo de goberno fixo unha proposta que cumpría rigorosamente, non o que prometía, senón o que lle esixiran a outro grupo para deixalo gobernar, pero que a oposición non lle valía porque entendía que a alcaldesa tiña que ter unha dedicación exclusiva e que por iso supoñía aumentar as esixencias e os requisitos ao que eles propoñían. Insiste en que eles tiñan feito unha proposta moi coherente, non tiñan prometido, se non que llo tiñan esixido a outro grupo.

En canto á piscina di que supón que sairá no apartado de rogos e preguntas. Que ela desde logo non se atreve a obrigar aos traballadores a subir á cuberta co tempo que houbo nas últimas datas. Que están en contacto con eles e que veñen cando o tempo llo permite e que oxalá o tempo deixe que se rematen en breve.

Continúa coa súa intervención dicindo que como hai tempo suficiente para aprobar o PAI, a pesar do anuncio do voto en contra do PP e do PSOE, que van sometelo igual á votación e de non ser aprobado que se reunirán e traerano de novo a outro Pleno, con outra proposta, xa que ao que non están dispostos é a perder a oportunidade deste préstamo que fai a Deputación a través do PAI.

Votación:

A favor: tres votos do grupo CxG e dous do BNG

En contra: tres do PP e catro do PSdG-PSOE.

Acordo: Queda rexeitada a proposta presentada polo goberno municipal para a participación no "Plan de aforro e investimento (PAI) 2016".

3.- MOCIÓN SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE ACUICULTURA A PETICIÓN DA PLATAFORMA EN DEFENSA DO MAR DA COMARCA DE MUROS-NOIA, RATIFICADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DE CxG, SOCIALISTA E BNG.

A moción foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa.

A Sra. alcaldesa le a proposta:

A PLATAFORMA EN DEFENSA DO MAR DA COMARCA DE MUROS-NOIA (PLADEMAR) presenta no Concello de Muros o 19 de xaneiro de 2016 unha proposta para debate e resolución no Pleno da Corporación para que se inste á Consellería do Mar á retirada do anteproxecto de Lei de acuicultura de Galicia e ao Consello da Xunta de Galicia para que rexeite este anteproxecto.

Na súa exposición de motivos fai referencia á importancia do sector do mar de Galicia na economía local e explica o anteproxecto.

Tal e como se aprobou na Comisión Informativa, os grupos municipais de CxG, Socialista e BNG someten ao Pleno para o seu debate e aprobación a moción presentada por PLADEMAR e instar á Consellería do Mar a retirada do anteproxecto de Lei de acuicultura de Galicia e ao Consello da Xunta de Galicia para que rexeite o anteproxecto.

“Exposición de motivos

Sobre a importancia do sector do mar de Galicia na economía local

O sector do mar de Galicia é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera: mariscadoras a pé, bateiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc. Constitúen un amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Con empregos estables, tamén en épocas de crise, porque están menos expostos ao ciclo económico –ao contrario do que acontece noutras actividades–, o sector do Mar representa o 4% da produción total da economía galega e dá traballo, directo ou indirecto, a miles de familias.

Tamén é un sector estratéxico na economía local polo emprego que induce en diversas actividades en terra:

- Empresas destinatarias dos nosos produtos (depuradoras de moluscos, cocedeiros, conserveiras, centros de conxelación e pasteurización, procesadores, comercializadores).*
- Empresas provedoras de servizos e subministracións (estaleiros, corderías, carpintería, montaxes e maquinaria).*
- Actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etc.*

Á importancia económica do sector de mar únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, xa que ten capacidade de irradiar beneficios socioeconómicos a amplas capas da poboación, o que o converte nun mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Así mesmo, ten unha enorme contribución cualitativa, dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, a un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico: o turismo. O turismo en Galicia está baseado en tres piares: a catedral compostelá, a etnografía/paisaxe e a gastronomía.

Así pois, a fortaleza do sector do mar de Galicia está tamén na paisaxe que as actividades do mar deseñan nas rías: as bateas, as embarcacións de pesca e o marisqueo tanto a flote, como a pé nas praias. É ao resultado desas actividades con

peixes e mariscos ao que os/as consumidores/as outorgan alta estima e prestixio, pois forman parte da excelsa gastronomía de Galicia.

Ninguén dubida de que todos os negocios grandes e pequenos arraigados á actividade turística, directa ou indirectamente, deben boa parte da súa actividade económica ao sector do mar de Galicia.

Sobre o anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia

O pasado 1 de outubro o Consello da Xunta iniciou a tramitación do anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, sen un diálogo previo cos sectores produtivos do mar. Saíu á exposición pública no Diario Oficial de Galicia do 19 de outubro, cun prazo dun mes, posteriormente, ese prazo ampliouse ata o 15 de decembro de 2015 polas protestas orixinadas.

Primeiro foi elaborada a ESGA (Estratexia Galega de Acuicultura) que, segundo propia definición, é un documento de estratexia e orientación política. Agora este anteproxecto de Lei de Acuicultura incorpóraa e dálle rango normativo de obrigado cumprimento.

Entre outros elementos o anteproxecto de Lei de Acuicultura contempla:

- O Plan de Ordenación da Acuicultura Litoral en Terra, que establece:

- Que as persoas propietarias de terras que se neguen a vender serán expropiados a favor das empresas de acuicultura intensiva.*
- O privilexio de eliminar a necesidade de informe previo de incidencia ambiental e a posibilidade de instalar plantas acuícolas en espazos naturais protexidos.*
- A imposibilidade de que os concellos poidan decidir sobre a implantación destas industrias por seren consideradas de incidencia supramunicipal.*
- O Plan de Ordenación de Cultivos Mariños, que establecerá para cada zona das rías as especies a cultivar e o tipo de gaiola/batea a utilizar.*

De se aprobar como Lei, consolida un trámite legislativo fraudulento e un engano á cidadanía, aos administrados, e tería como principais prexudicados á toda a xente do mar.

Ás autorizacións de marisqueo que pasen a ser acuicultura outorgaráselle unha concesión temporal e (como o resto das concesións) quedan obrigadas a producir uns rendementos mínimos, haberán de pagar os canons por superficie ocupada (co risco de viabilidade económica das confrarías) e terán que pasar as embarcacións á 4ª lista perdendo os permex doutras actividades, unha vía máis para a extinción da pesca tradicional e o marisqueo a pé ou a flote.

Todas as concesións, ao remate ou de non cumpriren os rendementos mínimos, saíran novamente a concurso público e serán concedidas con discriminación que favorece aos máis fortes, xa que obriga a competir á xente do mar contra multinacionais en criterios como maior solvencia económica, financeira e técnica.

Van privatizar o mar a favor das grandes empresas multinacionais.

A lei está deseñada para implantar a piscicultura intensiva a escala industrial e vai autorizar todo tipo de especies a cultivar, incluso foráneas ou exóticas, que poderían acabar sendo invasoras do medio natural.

Para a implantación da peixicultura intensiva, a Lei impulsa a Acuicultura Multitrófica Integrada-AMTI, técnica de cultivo que consiste nun monocultivo de peixe carnívoro (salmón, etc) que utiliza especies extractoras (moluscos). Esta técnica busca reducir os niveis de contaminación xerados polas gaiolas de peixes co obxectivo de mellorar a súa imaxe pública na procura da aceptación pola sociedade e así, favorecer a súa implantación e a ocupación das augas das rías.

Para garantir a implantación dos obxectivos da Lei establécese un réxime sancionador represivo e desproporcionado.

A aprobación da Lei e a implantación a escala industrial de gaiolas de peixes vai provocar diversos efectos negativos sobre o medio ambiente:

- *Para producir un quilo de peixe precísanse entre 4 e 6 quilos de peixe salvaxe, o que vai supoñer a depredación das pesquerías.*
- *A contaminación das rías está asegurada: excrementos e refugallos de peixes, de pensos, fármacos (vacinas, antibióticos) e produtos químicos (antiincrustantes, antiparasitarios), propagación de enfermidades e parasitos, etc. Contaminaranse as augas, afectarase á calidade e cantidade dos nosos recursos e deteriorarase a biodiversidade do medio mariño onde todos traballamos, que é patrimonio de todos/as os/as galegos/as.*
- *A contaminación de peixes e mariscos podería levar aparellada vedas “técnicas” ou a prohibición de actividades de pesca e marisqueo por razóns sanitarias.*
- *Así mesmo, a degradación do medio podería ter impacto directamente relacionado coas toxinas PSP, ASP e DSP.*

Esta Lei defende intereses alleos e vai perturbar a convivencia tradicional e harmónica dos sectores do mar: mariscadores, mariñeiros, parquistas, mexilloeiros, etc.

O anteproxecto foi elaborado de costas á realidade e aos intereses das persoas que viven do Mar de Galicia. Ningún sector do mar está conforme coa Lei porque entende que está deseñada para desmantelar os sectores produtivos primarios, e empobrecerá as comarcas costeiras.

Ante o retroceso produtivo das Rías, o que precisan os sectores primarios son verdadeiras políticas estruturais que garantan:

- *A calidade das augas do medio mariño.*
- *O afortalamento do tecido produtivo e o pontenciamento das actividades primarias incentivando a cooperación con liñas de apoio ao desenvolvemento colectivo.*
- *A recuperación da confianza dos consumidores e o fomento da demanda, e polo tanto da oferta de produtos do mar de Galicia, sans e naturais.*
- *O incremento do valor engadido dos nosos produtos, para que a riqueza quede aquí e non vaia fóra.*

Por todo isto, os distintos sectores do mar de Galicia temos solicitado á Consellería do Mar a retirada do anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia e

Propoñemos que o Pleno Municipal acorde:

1.- *Instar á Consellería do Mar á retirada do anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, e ao Consello da Xunta de Galicia para que rexeite dito anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.*

2.- *Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal á PLATAFORMA EN DEFENSA DO MAR DA COMARCA DE MUROS-NOIA (PLADEMAR).”*

Na primeira rolda de intervencións a Sra. Monteagudo aclara á voceira do grupo Socialista que a reunión informativa celebrada o pasado venres na Casa da Cultura de Muros celebrouse por iniciativa da confraría e da Asociación de Mariscadores de Muros e tiña por finalidade aclarar as dúbidas que sobre o texto do anteproxecto tiñan os socios e socias deses colectivos. Que por parte da Consellería do Mar acudiron a concelleira, o secretario xeral e o director xeral de desenvolvemento pesqueiro, que xunto co patrón maior, acudiron como poñentes. Que ela estaba no público como os demais voceiros dos grupos municipais, que cre que a voceira socialista non estaba pero os demais si porque o tema lles pareceu importante para a veciñanza. Que ningún deles realizou ningunha intervención, que a única intervención, aparte dos poñentes, foi a do alcalde de Noia. Que a reunión foi comunicada á Sra. alcaldesa e

que asistiu numeroso público de todos os concellos da ría. Que desde o seu punto de vista a reunión non conseguiu o obxectivo informativo e aclaratorio que pretendía, pero que si se puxo de relevo a forte oposición da Plataforma alí presente.

Continúa a súa intervención dicindo que o grupo Popular coinciden plenamente coa exposición de motivos da moción sobre a importancia do sector do mar na economía e subscríbena ao cento por cento. E en canto ao anteproxecto pensan que a máis grande parte das problemáticas formuladas pódese dar solución ao longo do debate que se abre, sempre e cando sexan capaces de concretar as súas propostas. Que o presidente da Xunta, respondendo ás demandas do sector, comprometeuse a que a Lei non se vai aprobar mentres non conte con visto e prace do sector. Que entenden que o anteproxecto ten que dar resposta ás necesidades e situacións do sector, ademais de formular vías de desenvolvemento da actividade e que a dispersión normativa que lle afecta debería refundirse nunha norma de referencia con rango de lei. Que pechase en banda tampouco parece unha solución, que é preciso retomar vías de diálogo e buscar fórmulas de consenso, en definitiva sentarse a falar e resolver os problemas concretos que se formulen. Que paralizada a tramitación do anteproxecto non parece que teña moito sentido tramitar a moción tal como foi presentada. Que eles apoian e comparten as preocupacións do sector, pensa que quedou claro, que traballan para darlle solucións desde o seu ámbito, tamén. Que así o puideron comprobar coas súas propostas para investimentos, tanto do POS e do PAS, que foron para o saneamento, e cre que tamén se pode comprobar en que se tiveron en conta as reivindicacións do sector. Que a Federación Galega de Confrarías de Pescadores considera como positiva a paralización do anteproxecto e incluso a plataforma PLADEMAR mostrou estar contenta coa paralización. Que se a pesar de todo, a plataforma insiste en tramitar a moción, tal como se presentou, que non vai ser polo seu grupo, xa que de feito a tramitación está neste momento parada.

A Sra. González di que se realizou unha Comisión Informativa con respecto á moción de PLADEMAR, e como ben expuxo a Sra. alcaldesa, quen ratificaron a moción foron tres grupos, CxG, BNG e Partido Socialista. Que o Partido Popular non quixo saber nada desta moción (interrompe a Sra. Monteagudo para dicir que se abstiveron). Continúa dicindo que había dúas mocións, unha da plataforma e outra do BNG, e que no debate desa Comisión Informativa propuxo a Sra. alcaldesa propoñer todos xuntos a de PLADEMAR e o Partido Popular dixo que non e de feito tróuxose ratificada polos outros tres grupos políticos. Que non lle estraña nada que o PP non se quixera sumar, que está dentro da normalidade nas súas formas de facer. Que a grande diferenza que queda plasmada é que, polo menos, o Partido Socialista son defensores acérrimos dos problemas da veciñanza, da proximidade, cousa que o Partido Popular non pode dicir o mesmo. Que como todos e todas saben foi o Partido Popular o que aprobou a Lei de bases de réxime local e o que fixeron foi sacarlle competencias aos concellos. Que non foron quen de presentar esta moción conxuntamente. E que non van votar a favor porque teñen que cumprir ordes e as ordes son outras. Que son soldados, que teñen un xefe e van pola raia. Que non lle queda outro remedio que facer o que lle mandan. Que ao contrario que a voceira popular, eles si cren que ten sentido levar ao Pleno esta moción. E que non son partidarios de retirala mentres tanto non escoiten os do goberno da Xunta de Galicia que se deixa sen efecto e se retira o anteproxecto de acuicultura. Que nin o presidente da Xunta nin ninguén dixo que o ían retirar. Que dixo que ían parala. Que están buscando o momento máis axeitado para volver a levala. Recorda que cando se dixo que ían retirar o Xulgado do Concello de Muros, o Partido Popular non estaba nas manifestacións, cando se estaba defendendo que non se recortaran servizos no Concello de Muros. Que non lles importa a política municipal, que teñen que facer a política que lles mandan. Que eles non, que antes das instrucións do partido está a veciñanza, o benestar do noso Concello. Que se acorden de que os únicos que trouxeron ao Pleno unha moción e unhas alegacións para defender o porto foron os do Partido Socialista.

Interrompe a Sra. alcaldesa para pedirle á voceira socialista que se cinga á moción que están tratando.

Continúa a Sra. González dicindo que o Partido Popular fixo unha norma de redistribución de usos do porto sen preguntarlle a ninguén nada, igual que no caso da

Lei de acuicultura. Que desde o Concello ninguén fixo nada polo porto de Muros agás o Partido Socialista. Que nesta ocasión cren que é necesario manter esta moción no Pleno. Que é necesario recalcarlle ao presidente da Xunta que o que se pretende non é a paralización do anteproxecto. Que o que pretende a xente do mar é que se retire porque é prexudicial para eles e o seu grupo vaino defender no Pleno, tal e como quedaron na Comisión Informativa. Reitera que o Partido Popular non está nesta iniciativa.

O Sr. García comeza a súa intervención dicindo que van escapar un pouquiño da demagogia e da precampaña para comentar exactamente o tema do anteproxecto. Que desde o BNG, cando hai un par de meses empezaron a escoitar algo sobre o anteproxecto de lei de acuicultura, que llo comentaron un par de mariñeiros de Muros, que había que miralo porque non tiña moi boa pinta e daba medo. Que foi coincidindo coa ampliación do prazo para presentar alegacións, que foi cando se empezaron a alarmar polo que no texto se recollía. Que nestes dous meses o BNG participou en distintas reunións con xente do sector e asistiu ás asembleas de mariscadores para recoller cal era a súa opinión e a súa posición. Que o que detectaron sempre foi que este anteproxecto se redactou durante catro anos e en ningún momento, neses catro anos, o Partido Popular tivo tempo de reunirse co sector para intentar acordar os textos, intentar saber o que opinaba o sector do mar sobre a acuicultura intensiva que é o que potencia o anteproxecto e sobre como lles afectaría nos seus postos de traballo. Durante estes catro anos non houbo tempo de falar co sector, polo que se posicionou en contra. Primeiro porque non tiveron tempo de analizala e segundo polo espírito da lei, que a concelleira dixo na pasada reunión do venres, que era para darlle estabilidade xurídica aos mariscadores e aos mariñeiros. Que hai xente que leva 40 anos traballando e non cre que estea ilegal, que hai bastante harmonía entre eles, e que non cren que haxa unha verdadeira necesidade de cambiar a lei. Pero se se quere cambiar para dar máis estabilidade xurídica, que lle parece ben, pero que teñen que falar primeiro co sector. Que igual que coas sucesivas leis de educación houbo rexeitamento, sobre todo coas que elabora o Partido Popular, que é porque non están acordadas e tampouco esta lei está acordada cos profesionais do mar. Que por iso hai un rexeitamento tan explícito.

Continúa falando sobre uns comentarios que escoitou na radio, que é moi complicado falar co sector do mar porque está moi dividido, pero a verdade é que están todos e todas moi unidos en contra da Lei e que debe ser por algo.

A Sra. alcaldesa, despois de explicar que o BNG retirou a súa proposta en favor da de PLADEMAR e que presentan a moción conxuntamente os grupos CxG, PSdeG-PSOE e BNG, di que ao seu grupo lles parece importantísimo que houbera información sobre o anteproxecto de acuicultura, co cal lles pareceu oportuno organizar un acto no que estiveran presente as dúas partes para que publicamente expuxeran os seus argumentos e que publicamente puideran debater e que as persoas que asistiran puideran preguntar ás dúas partes. Que por iso se puxeron en contacto coa Consellería do Mar, da que non obtiveron resposta. Que máis tarde por iniciativa do Confraría de Muros e das mariscadoras celebrouse a reunión coa presenza da concelleira e algunha xente máis. Que ao sabelo se puxeron en contacto coa Consellería para que, xa que ían vir a Muros, explicaran o anteproxecto, se quedara algún para participar nese acto no que estiveran as dúas partes presentes e que puideran argumentar e debater. Na reunión a sensación que había era de rexeitamento total por parte das persoas asistentes e posteriormente houbo ese debate que estaban intentando organizar. A concelleira anunciou que non se podía quedar e tampouco se quedaron ningunha das persoas que alía había.

Continúa dicindo que lles parece fundamental que haxa información sobre o tema. Que unha das preguntas que facía a conselleira na pasada reunión era se estaba en contra da acuicultura ou da Lei. Que lle parece que en Muros hai probas evidentes de que non están en contra da acuicultura en si, senón de cousas que poidan danar ao sector do mar. Que en Muros hai unha fábrica de acuicultura de orella de mar que non tivo ningún rexeitamento e en cambio houbo outras instalacións como a gaiolas de salmón que si xeraron moito rexeitamento. Que está claro que o problema non é a acuicultura senón o anteproxecto que se redactou sen contar co sector do mar. Tamén

pensan que hai que seguir adiante co debate da moción porque aínda que o presidente da Xunta dixera que se paralizaba o anteproxecto, unha cousa é paralizalo e outra retiralo xa que a paralización non dá garantía de que nun momento posterior se retome e se aprobe, que non sería a primeira vez que un goberno da Xunta aproba unha lei a pesar do rexeitamento do sector afectado. Que o sabe ben a xente de educación, como fixeron co tema da lingua.

Cren que o anteproxecto debe ser retirado, deben falar co sector do mar e iniciar un novo procedemento traballado e acordado co sector do mar.

Anuncia o voto do seu grupo a favor da moción.

Na segunda rolda de intervención a voceira popular dille á voceira socialista que as súas facultades premonitorias as dedique á lotería.

Referíndose á intervención do BNG, dilles que si se fala de demagogia, o programa electoral do BNG incluía o fomento da acuicultura.

Pide á presidencia deixar parte do seu tempo de intervención para que interveña un dos portavoces da plataforma xa que son os promotores da proposta. Di tamén que ten tanto sentido pedir que retire un anteproxecto coma que estea paralizado. Que evidentemente o documento a partir do cal se vai traballar é o que está, que é o documento base, acordado co sector, incorporando as súas alegacións pero para empezar a traballar e reunirse hai que ter algo sobre o que traballar.

A Sra. alcaldesa diríxese ás persoas da plataforma presentes na sala para dicirlles que despois de rematar as roldas de intervencións dos grupos e antes da votación da moción daralles a palabra por se queren explicar algo.

Na súa quenda de intervención a Sra. González insiste en que a portavoz popular aprendeu moi ben o que lle dixeron desde a Xunta de Galicia. Que lle parece unha falta de respecto e un reto dicirlle á xente da plataforma que fale para explicarse. Que o Partido Socialista cre que non hai ninguén que saiba tanto do tema como a xente do mar e que cando eles en masa están facendo un bloque, que din que é prexudicial para eles, seguro que o é.

Que xustificar que hai que ter un documento, unha base para iniciar as conversas, di que si, pero que as bases son distintas e esta non vale. Que o problema do Partido Popular é o de sempre, que sacan unha lei, non preguntan nada a ninguén. Que teñen un fin que é privatizar todo canto poidan e que agora van empezar co mar. Pero a xente está un pouco cansada, tal como dixo a Sra. alcaldesa, que tamén o fixeron coa sanidade, coa educación, que se ten que ver con todo iso e que deben protestar enerxicamente. Que lle gustou moito a moción da plataforma porque cre que é o seu pan e que o teñen que defender. Que co pan da xente non se debe facer política. Que ningún sabe tanto como a xente do mar e menos os políticos.

Que está segura de que a intervención que van facer os representantes da plataforma vai ser brillante porque eles coñecen perfectamente a situación. Que é penoso que o representante da confraría diga que lle dá igual que fixeran esta proposta ou outra calquera. Mostra o seu desexo de que a moción saia adiante e que se retire o anteproxecto e non só se pare. Que van apoiar os dous puntos que pide a moción.

O Sr. García diríxese á portavoz popular para dicirlle que lle gustou moito o xesto que tivo con Pablo e que espera que mañá na prensa non saia dicindo que todo o que di é mentira, como fixo a concelleira: *"Pablo eso es mentira, Pablo no lo entendiste bien o no te lo explicaron bien"*. De todos xeitos despois de que fale Pablo, todo quedará máis claro.

Que eles están a favor da acuicultura, dunha acuicultura extensiva e respectuosa co medio. Que do que están en contra é da acuicultura intensiva, industrial que queren meter con esta Lei, este anteproxecto que vén aprobado polos grandes *"lobbys"* da acuicultura europea, que de aí é de onde ben redactado o anteproxecto. Que se viñera redactado da xente de aquí, as bases que terían para empezar a falar, sería moi distinto. Que por iso eles insisten que este anteproxecto hai que rexeitalo, retiralo e se queren legislar ou cambiar a lexislación, que se faga empezando por reunirse co sector e que se faga desde aquí. Que non están en contra da acuicultura, que non

están en contra de legislar, que están en contra de vender o noso mar a multinacionais.

A Sra. alcaldesa di que están moi claras as posturas dos grupos e dálle a palabra aos representantes de PLADEMAR.

O representante da plataforma comeza dicindo que eles non poden ter unha actuación brillante pois non están acostumados a orar. Agradece a Inés que lles dera a oportunidade de falar antes da votación porque se lla tiveran dado noutros sitios, igual terían conseguido outras cousas: o respecto e non ter interrompido o Pleno.

Sobre a Lei di que a moción cre que é medianamente clara. Que non hai ninguén do sector do mar (bateiros, mariñeiros, mariscadores) que diga que esta Lei, tal como está redactada é boa. Que é confusa, enfarragosa. Que se dixo por activa e por pasiva que hai moitísimas cousas de que falar sobre ela e se lle explicou á concelleira. Que el está de acordo coa acuicultura, que non participou nin viu ningunha protesta contra proxectos de acuicultura, agás cando foi das gaiolas de salmón.

Que pide a todos os concellos, que así coma no mar hai unanimidade porque están todos ao mesmo e que hai moitas cousas que están facendo ben e que están máis que lexislados, que teñen leis de todo tipo e que se hai que legislar que se faga por debaixo do que xa teñen, que iso é o que hai que acordar co sector pois fíxose totalmente de costas ao sector. Que ata o último día non souberon nada e que tiveron que facer plataformas e andar así.

Pide desculpas polo seu xeito de expresarse e pide que se lle axude, ao ser posible, de xeito unánime.

Votación: unanimidade dos/as doce concelleiros/as presentes.

Acordo: Queda aprobada, por unanimidade, a MOCIÓN SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE ACUICULTURA A PETICIÓN DA PLATAFORMA EN DEFENSA DO MAR DA COMARCA DE MUROS-NOIA, RATIFICADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DE CxG, SOCIALISTA E BNG.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A OBRIGA DE TELEFÓNICA, S.A. DE OFRECER UN SERVIZO UNIVERSAL EN TELECOMUNICACIÓNS.

O Sr. García, do BNG dá lectura á moción:

“MOCIÓN:

Exposición de motivos

Fai cousa de 10 anos, falar de Internet en calquera curruncho do Concello de Muros era falar dun mundo descoñecido.

Por sorte ou por desgraza, nestes mencionados anos a tecnoloxía avanzou coa velocidade da luz e a día de hoxe calquera persoa da rúa leva consigo Internet no peto e dispón dun ADSL por cable na súa casa, que é tan normal coma ter frigorífico ou un televisor.

Todas, agás as que viven nas parroquias de Torea e Abelleira, onde para ver a TV é imprescindible que non chova nin vente (o cal é pouco habitual na nosa querida terriña) e o do ADSL por cable segue a ser unha utopía.

Fai cousa dun mes, o presidente da AVV “A Ostreira”, convocou á xuventude de Abelleira para facer unha análise deste problema e por unanimidade recoñeceuse a deficiencia dun servizo decente.

Xa van máis de 4 anos, investíronse 113.000 € na instalación dunha rede Wimax que, para quen non saía o que é, podemos definir brevemente como unha tecnoloxía

enmarcada dentro das coñecidas como tecnoloxías de última milla que permite a recepción de datos por microondas e retransmisión por ondas de radio. Unha das súas vantaxes é dar servizos de banda ancha en zonas onde a instalación de cable ou fibra, pola baixa densidade de poboación, presenta uns custos por persoa usuaria moi elevados (zonas rurais). Esta rede nunca chegou a funcionar, xa que o anterior goberno municipal non moveu nin un só dedo por dar cunha empresa que facilitara o servizo.

Foi naquela época a propia asociación, "A Oestreira" quen tivo que mover fíos para contactar con provedores de Internet que deran servizo a núcleos de poboación sen rede por cable.

Diante da falla de orzamentos por parte do Concello ou a Xunta, a única alternativa que puideron ofertar era a Internet por satélite, o cal tamén presenta miles de deficiencias ás adversidades do noso clima tampouco axudan. E todo isto sen contar cos elevados prezos tanto de instalación como mantemento, e que ten límite de velocidade e de descarga reducidos. Con todo, houbo algúns veciños e veciñas que contrataron o servizo o mesmo día que a empresa provedora pasou por Abelleira a dar información", e outros que se sumaron despois, á vista de que non había ningunha outra opción para conectarse á Internet desde os seus fogares.

Por todo isto, dende o BNG-AA de Muros:

Consideramos que a rede por cable é un servizo básico do que todo o concello debería dispor dende xa fai tempo. Non é só un entretempo, senón unha ferramenta de traballo e unha vía básica de acceso á información.

A veciñanza das parroquias de Torea e Abelleira está xa farta de tantos falsos remedios inútiles que non melloran a súa problemática.

É moi triste que a xuventude destas parroquias, en Pleno século XXI non poida traballar con este tipo de tecnoloxías dende a súa propia casa, cando existen concellos no territorio español máis afastados de grandes urbes e que teñen unha densidade de poboación moito máis reducida que si teñen instalación de banda longa por cable.

E polo tanto, solicitamos do Pleno da corporación a adopción do seguinte

Acordo

Instar ao goberno municipal de Muros a que tome as medidas necesarias para facer cumprir a "Telefónica S.A." coa súa obriga de ofrecer un "Servizo Universal", entendido como o conxunto de prestacións de telecomunicacións que debe garantirse a toda a cidadanía con independencia da súa localización xeográfica e a un prezo asumible, para as parroquias de Abelleira e Torea."

Na rolda de intervencións a Sra. Monteagudo di que desde a constitución da corporación, tanto o grupo municipal Popular como o grupo do BNG, teñen pedido de forma reiterada ao goberno local que faga as xestións para que as parroquias de Torea e Abelleira conten cun servizo de Internet acorde aos tempos nos que estamos. Que se o goberno local fixo algunha xestión para tratar de solucionar este problema, foi unha cuestión pola que se preguntou en todos os Plenos celebrados e á que o goberno de Compromiso nunca dou resposta, como tampouco a dera o anterior goberno socialista, como ben di o portavoz do Bloque. Que agora o goberno de Compromiso, como manifestou na comisión, se sume á moción do Bloque, na que se pide instar ao goberno municipal a tomar medidas para que a veciñanza destas parroquias conten cun servizo de Internet, o que pon de manifesto é, non só, a falta de iniciativa deste goberno, senón tamén a incapacidade de xestión. Que ao longo destes meses, o equipo de goberno non presentou ningunha iniciativa ao Pleno da Corporación, tan só se dedicou ás cuestións administrativas e apoiar as propostas presentadas polo grupo Popular e polo grupo do BNG, neste caso.

Anuncia o voto do seu grupo a favor da moción e insta ao goberno a que non só faga as xestións, senón a que de ser posible dea conta ao Pleno do seu resultado.

A Sra. González di que xa na Comisión Informativa lle propuxeron ao Sr. García, do BNG, se ía a retirar unha das frases que contén a moción porque é incerta. Que de feito o voceiro do BNG é descoñecedor dos trámites que fixo o anterior goberno, porque nin estaba no goberno, nin lle preocupaba moito e ía aos Plenos de pascuas en ramos. E queren saber se vai retirar a frase *“xa que o anterior goberno municipal non moveu nin un só dedo por dar cunha empresa que facilitara o servizo”*.

Responde o Sr. García dicindo que se quere poden ampliar a frase e poñer que non se moveu un dedo de xeito efectivo porque hoxe en días seguen sen ter ningún tipo de acceso e que non sabe se é certo ou non que fixeran trámites. Que evidentemente eles non estaban e os seus representantes abandonaran o seu partido e que tiñan pouca capacidade para poder intervir e informarse pero que hoxe en día teñen esa capacidade. Que eles preguntaron e lle dixeron que se reuniran coa veciñanza unha vez. Que se quere modificar o texto poden poñer que non moveron un só dedo de forma efectiva.

A Sra. González dille ao portavoz do BNG que non é certo que non moveran un dedo e que non é certo que só houbera unha reunión, que debeu haber tres ou catro. Que é verdade que non foron frutíferas porque a maior parte das empresas que se achegaban a Abelleira e Torea para facer un estudo dicían que non lle era rendible. Pero dicir que o grupo Socialista non moveu un só dedo polo wimax de Abelleira...

Interrompe a concelleira do BNG, Sra. Simal, preguntando por qué a empresa coa que dou a asociación de veciños, si dou un servizo efectivo. Intervén no debate o concelleiro do grupo Socialista, Sr. Freire, mostrando o seu desacordo e a Sra. alcaldesa pide orde.

Insiste a Sra. Simal que houbo unha soa reunión coa asociación de veciños e a Sra. González dille que houbo máis, que non sabe se compartían todos coa asociación ou con toda a veciñanza de Abelleira, socios e non socios, que de feito o resto das reunións foron máis numerosas.

Continúa coa súa intervención a voceira socialista e insiste en que dicir que o goberno socialista non moveu un dedo, cando o único que investiu cartos no wimax de Abelleira, foi o grupo Socialista. Que os 113.000 € dos que fala a moción, foron invertidos por iniciativa do grupo Socialista, porque o anterior goberno que era do BNG e do Partido Popular, non investiron nin un duro. Que ao mellor a xestión non foi o suficientemente frutífera é certo, pero que non foi porque eles non moveran un dedo. Que Bardo se reuniu e mandou cincuenta fax a cincuenta empresas. Que o que lles molesta é que se faga esa afirmación na moción, cando non é certo. E que co resto da moción están totalmente de acordo.

Remata dicindo que queren que Torea e Abelleira e todos os currunchos do Concello de Muros teñan todos os servizos, non só este. Anuncian o seu voto a favor se retiran esa frase. Que quere deixar claro que eles fixeron todo o que puideran e que lle parecería fenomenal que tiveran o problema solucionado independentemente de quen fora o logro. Que o importante é que exista o servizo, pero que non poden votar a favor dunha moción onde se minte con respecto a eles, porque se houbo un tema no que moito traballaron e pelexaron foi nese e que non dubidaron nin un minuto en investir os 113.000 € en Abelleira e que tiveron cincuenta mil problemas que solucionaron da mellor maneira. Insiste en que votarán a favor si se retira a frase e que oxalá esta moción sirva para que os operadores correspondentes se fagan cargo.

O Sr. García na súa intervención di que con respecto a quen levou o wimax para alí, que todo o mundo sabe que foi co goberno de Domingos Dosil, que parece que todo o fixo o PSOE de Caridad.

Continúa e di que en canto á frase non teñen problema en modificala, aínda que é unha realidade xa que si se moveron dedos non foron efectivos e que ademais neses catro anos deberían ter seguido falando con Telefónica, que teñen a obriga de dar o servizo universal. Que despois de consultalo, toda a veciñanza do territorio español teñen dereito a ADSL cun mega mínimo de velocidade.

Insiste en que eses catro anos se debeu facer paralelo ao wimax a presión a Telefónica para que a veciñanza de Abelleira e Torea tiveran acceso a Internet. Que si se fixo non se fixo ben.

Pide que o goberno actual solucione este problema de forma urxente e que presenten a moción coa idea de poder chegar a outros estamentos, como o Valedor do Pobo, que lles parece que a veciñanza teñen que ter resolto este problema, xa.

Que modifican a moción e a frase *“xa que o anterior goberno municipal non moveu nin un só dedo por dar cunha empresa que facilitara o Servizo”*, quedaría: *“xa que o anterior goberno non conseguiu solucionar o problema”*.

Na segunda rolda de intervención a Sra. Monteagudo di que lle gustaría que a Sra. González explicara cal é a norma para qué, cando a ela lle convén, pódense modificar as mocións despois de debatelas, e cando non lle ven ben, non se pode. Que lle impediu ao grupo de goberno modificar varias mocións porque viñan informadas da Comisión.

A Sra. González dálle as grazas ao voceiro do BNG e que efectivamente os labores non chegaron a bo termo. Que a inversión dos 113.000 € foi á instancia do Partido Socialista, pero que é igual, que non importa que investiu, que está feita a instalación é o importante. Que é moi conveniente que a moción saia co voto unánime.

Anuncia o voto a favor do seu grupo unha vez retirado o que non era certo.

O Sr. García explica que o obxectivo xa non é poñer en funcionamento o wimax. Que está desfasado tecnoloxicamente e o que hai que buscar e que Telefónica solucione este problema. Que se perdeu unha oportunidade importante porque na lexislatura anterior se instalaron antenas de Telefónica e outras compañías e que se debeu pedir a cambio que deran servizo a esa xente. Que se perdeu unha oportunidade de negociar. Que o problema está aí e en boca da veciñanza, wimax xa non é solución, non é competitivo e que hai que conseguir que si ou si que Telefónica dea o servizo que ten que dar por lei.

A Sra. alcaldesa inicia a súa intervención dicindo que ela xa estivo nunha reunión coa asociación de veciños e que lle volveron a trasladar a necesidade de ter sinal de Internet e de televisión. Que é unha necesidade que lle recordan cada vez que alguén de Abelleira se topa con eles. Que todos e todas son conscientes desa necesidade e que hai que facer todo o posible para conseguir que a veciñanza de Abelleira teñan Internet.

En canto ás xestións, desde o goberno municipal tense falado con Telefónica, que están en conversas con eles e que van intentar coaccionar con todo que se lle ocorra para que dean ese servizo universal.

Que tamén a través da OMIC se estiveron facendo indagacións e o que lle comunican é que o problema de Abelleira e Torea é que quedan no medio de dous transformadores e quedan nunha zona de sombra, que o problema é a distancia e que, en menor medida, lle pasa o mesmo a Louro. Que se solucionaría se Movistar, que é a empresa que agora mesmo ten que garantir o servizo universal, colocara un transformador na Abelleira ou naquela zona. Que o problema é que Telefónica di que non lle é rendible e que aí é onde teñen que coaccionar.

Que sexa rendible ou non, entenden que é un problema da empresa e que se ten adxudicada esa tarefa de garantir o servizo universal que seguro lle reporta beneficio e senón llos reporta nese caso, que seguro que lle compensa con outras zonas. Que coaccionar con todo que se lle ocorra.

Votación: Unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes.

Acordo: Queda aprobada por unanimidade a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A OBRIGA DE TELEFÓNICA, S.A. DE OFRECER UN SERVIZO UNIVERSAL EN TELECOMUNICACIÓNS, modificando a frase *“xa que o anterior goberno municipal non moveu nin un só dedo por dar cunha empresa que facilitara o servizo”*, que se substitúe por: *“xa que o anterior goberno non conseguiu solucionar o problema”*.

5.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía 748 ao 867 e das actas das Xuntas de Goberno Local números 33, 34, 35, 36 e 37.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

6.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Non hai.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Á pregunta da voceira popular de se vai contestar no momento as preguntas, a Sra. alcaldesa dille que as diga todas e que as que poida contestar, vajas contestar e as demais quedarán para o seguinte Pleno.

A voceira popular dá paso ás preguntas do seu grupo:

- En relación á axuda a domicilio, que reciben queixas das persoas usuarias polos cambios nos horarios que, segundo eles, foron realizados de forma arbitraria, sen notificarllos e tamén saben que houbo varias reclamacións no proceso de elaboración nas listas de contratación.

Pide algunha explicación ao respecto.

-Que teñen tamén varias queixas das persoas usuarias da pista de pádel pola falta mantemento e se hai posibilidade de utilizala a partir dunha hora determinada. Que lles gustaría que por parte do concelleiro de Deportes se lles dera explicación.

-Reitera a pregunta sobre o pino de Somorto, se se ten pensado facer algunha actuación.

-Reitera tamén as preguntas sobre a rampla do club de remo e sobre o paseo de Esteiro. Explica que no mes de decembro conseguiran falar co responsable de Costas e que lles dixo que no mes de xaneiro tiñan pensado iniciar os trámites para facer o proxecto para a reparación do paseo e pregunta se o goberno se interesou por este tema ou teñen algunha comunicación.

-Que no DOG do 30 de decembro se publicaron varias convocatorias de axudas e subvencións dirixidas a concellos para contratación de desempregados e actuacións de fomento do emprego, que lles gustaría saber se se solicitou algunha e para que proxectos.

-Pregunta ao concelleiro de Facenda se se fixo algún traballo para facer efectivo o acordo de baixada do IBI e cándo se ten pensado iniciar a tramitación dos orzamentos do 2016.

Respostas da Sra. alcaldesa:

-Sobre a axuda a domicilio di que se fixeron cambios, que houbo un novo proceso selectivo porque desde a súa chegada recibiron queixas, tanto do persoal traballador coma dos/as usuarios/as, sobre cuestións distintas, como contratos precarios por parte do persoal e cambios frecuentes de persoal nas casas dos/as usuarios/as.

Que fixeron un proceso selectivo e que se está reorganizando todo. Que tivo varias reunións, a última neste mesmo día, con todas e todos os auxiliares e coas traballadoras sociais e o persoal de Servizos Sociais. E que deron un paso máis no proceso de reorganización, tanto nas quendas coma nos días. E que foron recollendo o que lles ían trasladando, tanto familiares como auxiliares, e que espera que con estes cambios vaia mellorando todo.

Que pretenden sobre todo evitar os contratos en precario e os cambios continuos que había nos domicilios. Que a idea é que a un domicilio vaian unha ou dúas persoas só e que os contratos laborais sexan un pouco mellores.

Pregunta a voceira popular se se acordan cos/as usuarios/as as quendas e a maneira de traballar.

Di a Sra. alcaldesa que lle pide ás traballadoras sociais que estean en contacto continuamente coas familias, que pasen polos domicilios e recollan o seu parecer. Que aproveitou a reunión de hoxe para pedirle ás auxiliares que lle trasladen o que as familias lles din.

A Sra. Monteagudo pregunta se eses primeiros cambios se comunicaron e a Sra. alcaldesa contesta que as súas instrucións eran de que se fixera.

Continua a Sra. alcaldesa explicando que ten que quedar moi claro cales son as obrigas das traballadoras e dos/as usuarios/as tamén e que os cambios que se fagan teñen que ser comunicados.

Que é moi complexo casar as necesidades e os horarios pero que están traballando no asunto.

-En canto ás preguntas da pista de pádel o concelleiro de Deportes, o Sr. Uhía, di que non hai un mantemento preparado para a pista de pádel, que hai unhas horas que non tiña luz artificial porque non está conectado o cadro. Que se iniciaron os trámites cunha empresa externa para conectar a luz.

-Sobre o pino de Somorto, o Sr. Quintela, di que como concelleiro de Medio Ambiente procura protexer o medio ambiente, que é certo que se levan queixando dese pino, que el saiba, oito anos polo menos, ou porque lle quita a sombra ou porque teñen medo que caia. Que se ve ben afianzado na terra pero que se todos e todas piden que se corte, pois que haberá que cortalo.

-Sobre a rampla do club de remo a Sra. alcaldesa di que xunto co concelleiro de Deportes estiveron alí hai uns días e lles trasladaron as demandas que tiñan e que curiosamente a rampla non lla pediron. Pero que é unha demanda de vello do club de remo de Esteiro.

Intervén o concelleiro de Deportes para dicir que o que si lle pediron foi que se arranxe a zona de entrada para non golpear os barcos e as traíñeiras.

Di a Sra. Monteagudo que a eles lles pediron a rampla do Mar, ao que contesta a Sra. alcaldesa que necesitan as dúas cousas. Que supón que o día da reunión con eles non se acordaron, pero que eles son coñecedores desa necesidade xa que é unha demanda de hai anos.

Continúa a Sra. alcaldesa dicindo que están pendentes de falar con Portos porque é zona portuaria, polo menos en parte, para que o fagan eles ou autoricen ao Concello para, polo menos, poñer o piso na entrada, que é a obra máis fácil e máis pequena e que se pode ser a rampla, tamén. Que non hai nada avanzado pero que si está pendente.

-Sobre o paseo de Esteiro a Sra. alcaldesa di que fala co Sr. Rafael Eimil, non todas as semanas pero case. Que a semana pasada estivo o Sr. Eimil en Esteiro, que ela lle pediu que viñera para intentar pasear polo paseo. Que así o fixo e que lle comentou o mesmo que dixo a voceira popular, que ía ir a Madrid, en febreiro, aproximadamente en quince días, e que ía intentar redactar un proxecto novo para acometer o arranxo do paseo de Esteiro. Que ía facer todo o posible. Que sempre que chamou ao Sr. Emil, sempre lle respondeu e a atendeu ben, co cal quere darlle esa marxe de tempo, de confianza para ver se realmente consegue facer esa redacción de proxecto e se ve algún avance. Que comentaron que o problema de non darse constituído o goberno de España, pode ser un problema e que ela lle trasladou que o paseo de Esteiro non pode esperar. Que quedaron en que había que traballar conxuntamente.

Pregunta a Sra. Monteagudo pola zona do paseo que é patrimonio municipal, se ten o goberno previsto o seu arranxo.

Contesta que non teñen concretado facer nada por unha cuestión orzamentaria porque significa un gasto elevado de cartos. Que dixo o Sr. Eimil que facían eles o proxecto de todo o tramo. Que o ía intentar. Que o que ela lle trasladou é que se había un proxecto claro e o Concello contaba con algunha partida para facer algún traballo pois que o Concello de Muros o faría, dentro das súas posibilidades pero sempre que estivera claro que quere facer Costas con ese paseo. Que tamén lle trasladaron que o piso non pode volver ser de madeira porque está demostrado que non é efectivo. Que o Concello pode e debe facer o mantemento, pero que agora mesmo non é esa a cuestión.

-Sobre as subvencións solicitadas, a Sra. alcaldesa di que se solicitou un obradoiro de emprego conxuntamente co Concello de Carnota e subvencións que se viñan solicitando con anterioridade, socorristas e o persoal que fai falta todos os anos no Concello e que se aproveitan estas subvencións. Que se queren información completa que poden ver o expediente onde indica concretamente o que se pediu en cada subvención.

Di a voceira popular que lle bastaría cunha relación.

-Sobre a baixada do IBI e a elaboración dos orzamentos o concelleiro de Facenda explica que aínda está pendente o tema de persoal pero que o resto está máis ou menos listo para que Intervención dea o visto e praxe aos orzamentos. Que están pensados os gastos, que as inversións non están decididas e que o IBI depende do que consigan reducir noutro lado.

A Sra. Monteagudo recórdalle que hai un acordo do Pleno e que teñen que facer o posible para que se leve a cabo, ao que contesta o concelleiro que efectivamente.

A Sra. alcaldesa di que no orzamento están traballando o concelleiro de Facenda e o departamento de Intervención, que falta concretalo e falar cos grupos da oposición. Que haberá que ver as achegas dos grupos da oposición pero entenden que teñen que presentar unha base. E que con respecto ao IBI, que efectivamente é un acordo plenario e que se está traballando. Que tamén se está traballando noutras ordenanzas.

A Sra. González, voceira do grupo socialista, pide que poida facer as primeiras preguntas a concelleira do seu grupo, a Sra. Maneiro.

A Sra. Maneiro pregunta:

-Se cando en Servizos Sociais se substitúa unha auxiliar, se vai empezar sempre polo número un ou a lista se vai seguir baixando ata a última persoa.

-Que cambios se fixeron nas quendas, porque cando ela era a responsable, había unha auxiliar durante a semana e outra o fin de semana polo que moitas auxiliares polas casas non pasaban, ao non ser que estiveran de vacacións ou de baixa.

-Se se vai volver a poñer o contacontos en Louro. Que levan bastantes meses sen que os nenos e nenas poidan asistir.

- Que hai unha fochanca na subida do convento, entre a estrada xeral e a subida, que é bastante grande.

-Quen se encarga da limpeza das plantas segunda e terceira do Centro Social de Louro e do acendido das estufas de pellets. Que as asociacións que van alí ás actividades teñen bastante frío e que se queixan da limpeza.

-Roga máis presenza policial, sobre todo na Lavandeira, en Louro xa que hai queixas de que hai coches facendo *trapicheos* e que a xente empeza a ter medo. Que hai presenza de coches durante todo o día e tamén pola noite.

A Sra. González, pregunta:

-Sobre a acta do 24 de agosto, se se acorda a Sra. alcaldesa de que o secretario contestou á súa pregunta.

-Sobre a mesma acta, fixo unha cantidade de preguntas que faltan por poñer e pregunta se recorda que contestou a parte delas. Sobre a situación dun ancián que

vive na Casa da Cultura, preguntou que pasaba con el e a Sra. alcaldesa contestou. Preguntou cando se ía a cortar a herba en Louro e tamén contestou. Preguntou cando se ían poñer a funcionar os contedores soterrados e tamén contestou. Quén era o director da obra da piscina e tamén contestou. Quén está a informar o PEPCHA e tamén contestou. Se se sacou a praza do CIM, tamén contestou. Se se sacou a praza para un novo avogado e un novo aparelador (que debería poñer procurador). Se se acorda de que respondeu a todas estas preguntas.

-Que desde o comezo da lexislatura pediron o permiso de Portos da festa de San Pedro 2015 ao que contestou a Sra. alcaldesa que non había ningún problema e que llo ía entregar. Que iso foi en xuño e aínda non o teñen. Queren saber se o van ter ou se é verdade que non existe, aínda que a Sra. alcaldesa dixo que si, que o había.

-Polo permiso das festas de Entroido deste ano, que parece ser se ían facer na zona de Portos, se o pediron e se o teñen.

-Quen organiza este ano as festas do Entroido. Non só o tema das comparsas, xa que houbo xente que preguntou como ía ser e a Sra. alcaldesa remitiunos a dous hostaleiros particulares, que non ostentan ningunha asociación.

-Sobre a acta do 29 de outubro de 2015, onde di "*A Sra. González pide que quede enriba da mesa para poder tratar no vindeiro Pleno, que se inclúa na orde do día do vindeiro Pleno, ao que contesta a Sra. alcaldesa que sen ningún problema*", sobre unha moción que pedimos que se votara por urxencia e que a Sra. alcaldesa contestou que se traería ao próximo Pleno. Pregunta se se vai traer esa moción ao Pleno. E sobre a mesma acta, cando o Partido Socialista presentou unha moción sobre o porto a acta recolle que a Sra. alcaldesa di "*que o seu grupo tamén está traballando nesas alegacións e que se compromete a convocar a Comisión Informativa e se hai acordo, convocar o Pleno extraordinario antes do remate do prazo de presentación das alegacións*" e que logo as alegacións foron aprobadas en Xunta de Goberno polo que é mentira o que dixo ou non sabe se tal e como dixo, vai a convocar a Comisión Informativa e o Pleno.

-Sobre o decreto 422, que é unha cuestión que xa tiñan preguntado, sobre a selección duns socorristas, que ónde se publicou porque non o encontran en ningún sitio, nin na páxina do Concello nin en ningún diario oficial.

-Sobre a relación de pagamentos que fixo o Concello, ven que se renovaron os seguros e que o Partido Socialista fixera un concurso porque é unha cantidade bastante elevada e que invitaran a todos os representantes de seguros da praza de Muros para que puideran ofertar e ter igualdade de posibilidades, e agora ven que se renovan e non saben se se sacou a concurso e volveron a ganar os mesmos ou se se vai sacar a concurso ou se se decidiu así a dedo.

-Con respecto á acta do Pleno do 26 de novembro están todas as preguntas sen contestar, que preguntaran que pasaba cos colectores soterrado e que lle contestou que levaban ano e pico sen funcionar e xa que leva máis de seis meses gobernando, que queren saber por qué non funcionan.

-Que pediron o horario da Policía Local e tampouco o teñen. E seguen con queixas, tal e como expresou a súa compañeira, de que a Policía Local segue sen traballar de domingo a xoves. Queren se lle ratifique que é verdade que a Policía Local non traballa de domingo a xoves.

-Tamén lle preguntaron se non pensaban modificar o orzamento e ían seguir cobrando sen modificar o orzamento.

-Preguntaron tamén canto era a débeda a día de hoxe, pero hoxe haino que levar ao 26 de novembro de 2015.

-Quen é a titular da licenza de gravación e se poden ter unha copia, xa que as actas recóllense daquela maneira e parece que o secretario non ten moi boa memoria. Se todos os grupos políticos poden ter unha copia da gravación.

A Sra. alcaldesa diríxese á voceira socialista para dicirlle que só lle pide que garde respecto aos traballadores e traballadoras públicos, ao que contesta a voceira

socialista que ela non lle faltou ao respecto a ningún traballador público e o único que pide é unha copia da gravación.

A Sra. alcaldesa dille que está insinuando que o Sr. secretario vai poñer na acta, non o que pase, senón o que el queira, e que lle parece unha insinuación grave e que en calquera caso siga coas preguntas.

A Sra. González di que non está insinuando nada, que está dicindo que na acta non están as súas contestacións, nin a do secretario tampouco.

Continúa coas preguntas:

-No mes de novembro de 2015 vostede que presume de non ter asesores, abonoulle ao seu asesor xurídico 5.000 € e queren saber en que punto do orzamento vén que se poden pagar provisións de fondos porque cando eles marcharon non había ningún punto no orzamento para provisións de fondos. Que non saben se tomaron algún acordo nunha Comisión de Goberno, que eles non o viron. Que nas Xuntas de Goberno que lles entregaron non hai ese acordo. Que hai un pago por provisión de fondos e quere saber en que Xunta de Goberno se aprobou esa modificación das bases do orzamento.

-Que os contratos de Helvetia que renovaron ascenden a 16.000 €, polo que cren que é unha suma o suficientemente importante para poder invitar e polo menos pedir un par de orzamentos ou tres, tendo en conta que as contías e os baremos das compañías de seguros, de ano a ano sofren unha grande variación.

-A Xunta de Goberno Local do 6 de novembro aprobou as bases para a creación ou modificación das listas de axuda a domicilio e de condutores do transporte adaptado e vemos que se ampliou a normativa e a aprobación das bases faise de acordo co Real decreto 896/91 de 7 de xuño. Que xa viron que se aprobaron esas listas e que non aparecen publicadas en ningún sitio e o Real decreto 896/91 di: *“Las bases de las pruebas selectivas, así como las correspondientes convocatorias, se publicarán en el «Boletín Oficial» de la provincia, en el «Boletín Oficial» de la Comunidad Autónoma y, en su caso, en otros diarios oficiales o en el periódico oficial de la Corporación interesada.”* Que non aparecen publicadas en ningún sitio e xa están funcionando. Que queren saber se se publicaron e eles non as viron. Xa que senón se publicaron é nulo.

-Que pasou coa comida dos maiores, que había unha asignación orzamentaria, e non se fixo. Que cren que era a única actividade lúdica dirixida ás persoas maiores. Que tendo en conta que para a xuventude e os rapaces hai cincuenta mil actividades, como non pode ser doutra maneira, que oxalá houbera máis. Cren que a única que teñen os maiores, que non é xusto retirarlle. Que a pregunta é se se vai facer.

-Que este mes non houbo comisión de seguimento das obras da piscina. Queren saber por qué non houbo seguimento, por qué as obras están paralizadas e queren saber se son conscientes de que desde que se pechou a piscina e non se está cobrando, desde setembro a xaneiro, deixou de recadar o Concello de Muros 76.515 € e tamén queren saber se eles opinan que iso é unha boa xestión.

-Cando se van podar as árbores. Que non sabe cal é a data para podalos pero que en todos os concellos os teñen podados menos eles. E quen os vai podar, porque lles comentaron que están facendo unha selección para a contratación dunha empresa de xardinería. Ao non vela publicada en ningún lado, queren saber se é verdade, se se está facendo esa selección e onde están publicadas as bases para poder licitar.

-Que os farois públicos de Baño seguen sen funcionar. Que é un rogo, que por favor funcionen.

-Que as rúas de Muros son verdes. Que están cheas de limo por todos os lados co perigo que iso supón.

-Cal é o conflito que está creado cos traballadores e traballadoras da limpeza pois estanse a queixar de que está pasando o mesmo que fixo vostede cando levaba persoal no anterior goberno e que algunha delas tivo que solucionar os seus problemas a través dos sindicatos, polo Xulgado cunha sentenza firme. Que o motivo

que a Sra. alcaldesa alega para facer un cambio de limpadoras, é por proximidade. Que non lle coincide que sexa ese o motivo e que se está facendo de forma altruísta porque hai outros que son interinos e que non se poden sacar do seu posto de traballo. Que espera que este conflito que está creando cos traballadores e traballadoras da limpeza chegue a bo fin e que non acabe no Xulgado como xa pasou cos traballadores de obras.

-Cando se van reunir para falar das obras que non se aprobaron hoxe, do plan da Deputación. Se se reúnen todos e todas ou só os tres grupos políticos e eles non.

-Que se aprobou o Padrón do Servizo Municipal de Augas do terceiro trimestre do ano 2015 e cre que sempre se levaba a ratificar polo Pleno e non o viron.

A Sra. alcaldesa di que vai contestar ás preguntas que poida, que haberá cousas que non pode por non ter os datos.

-Sobre as auxiliares de axuda a domicilio. Que se van substituír segundo as listas, a primeira persoa que estea libre nas listas.

-Sobre os cambios das quendas, que son varios. Que por exemplo a un domicilio de Esteiro ía unha auxiliar pola mañá e outra pola tarde, cando á persoa que ía pola tarde lle ía mal xa que tiña outra zona do concello. Que son cambios dese tipo. Que non pode detallalos, porque non é oportuno e porque son varios e non sabe exactamente todos. Pero que son todos nesa liña, agrupar por zonas para que os auxiliares se movan o menos posible e tamén que vaian a cada casa cantas menos auxiliares diferentes.

- En canto ao contacontos en Louro, que si se ten pensado facer, que a persoa que o facía está de baixa e en canto teñan outra persoa que a substitúa se vai a retomar.

-Que toman nota da fochanca de subida ao convento.

-Polo que se refire á limpeza do Centro Social de Louro e ao acendido da estufa di que non sabe exactamente quen ten encomendada esa tarefa.

A concelleira Sra. Maneiro di que no Centro Social hai unha concesión e que quere saber quen ten a obriga de limpar.

Contesta o concelleiro Sr. Quintela que é o concesionario quen ten que limpar a primeira e a segunda planta. Que a estufa que non se acendera por non haber xente, ao que a Sra. Maneiro di que se pode programar.

-En canto ao da presenza policial, que é un rogo e toman nota. Que lle vai trasladar á Policía Local que faga fincapé naquela zona.

- Con respecto a que figuren as respostas nas actas que é unha pregunta sobre a que se falou en varias ocasión e que xa está contestada. Que volve a repetir que a acta é un documento polo que o secretario dá fe do que alí acontece, polo que é a persoa que ten que decidir o que se recolle na acta e iso non quere dicir, como se puido entender, que poña o que quere. E que é por iso que eles despois teñen que votar a favor ou en contra.

-Sobre as contestacións, a Sra. alcaldesa di que agora non recorda exactamente o que contestou, ao que a Sra. González di que non lle pide que se acorde do que contestou se non, si contestou. A Sra. alcaldesa responde que si contestou, que sempre o fai ao non ser que sexa un dato que nese momento non teña.

A Sra. González pide que conste en acta que a Sra. alcaldesa di que si contestou ás preguntas desa acta. Da mesma maneira que pediu da vez pasada que constara a contestación do secretario e non consta.

A Sra. alcaldesa pide á Sra. González que deixe que remate de contestar e que se acabou o tempo do debate.

-Sobre o permiso de Portos para San Pedro 2015, que si tiña permiso de portos e que xa faláron do tema varias veces.

-Sobre o permiso de Entroido, que se pediu e aínda non chegou.

-Sobre quen organizou o Entroido, que organiza o Concello de Muros e que agardan sexa coa colaboración de máis persoas.

-Sobre a redistribución dos espazos do Porto, que xa se comentou no seu momento. Que xa lle contestou.

-Sobre a publicación das prazas de socorristas, que lle contesta no próximo Pleno porque non o sabe.

-Tamén queda para o próximo Pleno o da renovación de seguros.

-Sobre o pagamento ao seu asesor xurídico, di a Sra. alcaldesa que non hai nin un só pago en concepto de asesor xurídico no Concello desde que eles están no goberno municipal. E que hai, como ten habido toda a vida desde que ela sabe, neste Concello, un avogado que representa ao Concello nos xuízos e que cobra por ese servizo. Como había antes de que a Sra. González estivera na Alcaldía e como houbo cando estaba, coa diferenza de que, ademais de lle pagar a un avogado por representar ao Concello nos xuízos, lle pagaba por asesoría xurídica. Que agora se paga por representar ao Concello e que si que hai o pagamento.

Pregunta a Sra. González sobre a provisión de fondos, mentres a Sra. alcaldesa di que non sabe de que partida se paga. Que o mira e lle di.

-Sobre contratos Herveira por uns 16.000 €, que o mira e lle contesta.

Insiste a voceira socialista preguntando sobre a provisión de fondos.

-Sobre a publicación da elaboración das listas de axuda á domicilio e condutores/as de transporte adaptado, que o mira e lle contesta.

-En relación á pregunta sobre a comida dos maiores, que lles pareceu que tal como estaba a situación do Concello e tendo en conta que o anterior goberno fixo a alegre previsión de ingresar 500.000 €, que non se ingresaron e que houbo que recortar polo que a comida dos maiores se retrasou e que a farán tan pronto poidan.

-Que non están paralizadas as obras da piscina salvo os días que o tempo non permite traballar alí.

-Sobre a poda das árbores que o concelleiro de Obras e Medio Ambiente está co tema. Que se é posible economicamente o farán empresas e senón que o terá que facer a brigada.

-Sobre os farois públicos de Baño, que non teñen constancia de que estean sen funcionar, que desde que se fixo a obra, que foi considerable, non teñen constancia de que segan sen funcionar a menos que sexa outra zona distinta.

-Sobre de que as rúas de Muros están verdes dille a Sra. alcaldesa á voceira socialista que é a súa percepción porque non ha moito tempo, hai poucos días, que se lle votou lixivia.

-Sobre o conflito cos traballadores e coas traballadoras da limpeza explica que o que se fixo foi unha redistribución dos espazos a limpar para resolver varios problemas. Que hoxe houbo reunión cos limpadores e coas limpadoras de edificios públicos. Que é un tema que está consultado na Secretaría e que está mirado e lle din que non hai ningún problema. Que ninguén cambia as súas funcións, que seguen como limpadores e limpadoras de edificios públicos no Concello de Muros. Que os motivos non son só unha cuestión de espazo, que hai varios motivos e que así se lle comunicou na reunión. Que intentaron na redistribución que os traballadores e as traballadoras quedaran cerca dos seus domicilios aínda que non foi ese o motivo do cambio. Que houbo varios motivos que xa explicou aos/as traballadore/as. Pon como exemplo que na piscina sempre había persoal laboral temporal que provocaba que houbera moitos cambios no persoal. Que lle pareceu mellor que houbera persoal fixo nas dependencias da piscina porque é un sitio complicado de limpar.

Continúa a Sra. alcaldesa dicindo ao respecto da distribución do persoal de limpeza que había varias necesidades que cubrir e que reorganizaron todo.

Ao preguntar a voceira socialista se xa está feita, contesta que si.

- Sobre a reunión da obra do PAI, que non o sabe e xa o comentará cos grupos.
- En canto ao Padrón da auga, que o vai consultar co secretario. Que se ten que ir a Pleno irá, que non hai ningún problema.

Na súa quenda de rogos e preguntas o portavoz do BNG, o Sr. García, pregunta:

-Que o concelleiro e concelleira do BNG forman parte dunha asociación de nova creación, en protección dos animais, e querían que lle informara sobre o proxecto de colonias de gatos que o Concello levará a cabo en colaboración con esta asociación.

-Que se se valorou investir no cine París.

-Se se instalou o repetidor de televisión en Tal, que é outra das demandas históricas da zona de Abelleira e Tal.

-En canto á piscina municipal, pregunta se hai unha data concreta. Se se pode comprometer a dicir que un día concreto estará aberta para que as persoas usuarias se poidan organizar ou buscar outras alternativas. Que lles consta que algúns están sendo usuarios/as de piscinas doutros concellos. Que ademais non teñen información, porque efectivamente, este mes non se convocou a comisión informativa específica.

-Se lle consta á brigada de obras que as lousas na rúa do Vilar, Abelleira, están soltas. Que é unha obra bastante recente e non sabe se está en prazo de esixirlle ao construtor que se faga cargo. Roga que se recolequen.

-Polos proxectos que se están levando a cabo pola dinamización da Praza de Abastos.

-Se se van facer proxectos para levar a cabo o saneamento en parroquias que aínda non hai. Que lles parece fundamental.

-Sobre a esplanada que quedou onde estaba a fábrica de Daniel pregunta se é de titularidade de Costas e se se lle vai dar algunha utilidade. Se teñen falado algo con Costas.

-Que a través das redes sociais lles chegou unha pregunta referida ao canon eólico, e se se está investindo ese canon nas parroquias afectadas polos parques.

-Sobre a visita de Eimil, se poden concretar algo do que o Concello vai facer para amañar o paseo marítimo de Esteiro.

-Se ao igual que se vai restablecer o contacontos en Louro, se se ten pensado facer no resto de parroquias onde non hai.

Responde ás preguntas do BNG a Sra. alcaldesa:

-Respecto ao tema das colonias de gatos di que hai un problema de colonias incontroladas de gatos, sobre todo en San Xosé e no Campo da Lúa e o que se vai facer conxuntamente, asociación e Concello de Muros, é traballar para controlar esas colonias de gatos, non para extinguilas. Que o Concello vai comprar unhas casetas, onde os gatos poidan comer e facer as súas cousas e que o persoal que se encargará do control, será persoal voluntario de "Anajata". Que a asociación tamén fará unha castración dos gatos e que a idea é que deixe de haber o problema que hai, sobre todo nesas dúas zonas. Insiste en que é un traballo conxunto, colaborativo de asociación e Concello.

-En relación ao cine París fai falta unha inversión importante para poñelo ben. Que lles parece importante xa que está na fachada de Muros e é de propiedade municipal. E que o Concello teña unha propiedade nese mal estado, sácalle lexitimidade para esixirlle á veciñanza que teñan as súas en bo estado. E que debido á grande actividade cultural que hai no Concello, que fai falta un local grande que poida albergar actos culturais con certo volume de xente. Pregúntase que cando vai ser. Que oxalá tiveran cartos.

-Sobre o repetidor de televisión de Tal, di que polo de agora non se fixo. Que hai un veciño de Abelleira que cede un terreo para colocalo pero que o problema que hai que levar a corrente. Que se está con ese asunto, a ver se se pode levar a electricidade e se sería viable. Pero que si, que hai un veciño, que por iniciativa propia, o cal é moito de agradecer, ofreceu o seu propio terreo para instalar alí o repetidor.

-Que non pode dar unha data para o funcionamento da piscina porque depende do tempo meteorolóxico. Que cando non veñen é por cuestión do tempo.

-Sobre o mercado, que falando coa presidenta de “Anajata” sobre actividades a facer en Muros, que lle trasladou o seu interese en dinamizar o mercado e desde a asociación están colaborando moitísimo, e persoalmente a presidenta de “Anajata”, o cal tamén é moito de agradecer. Que se están organizando actividades, que as organizan entidades varias e coa colaboración do Concello porque lles parece importante. Que non é cuestión de que se converta nun centro de actividades, pero si para que a xente se acostume a ir ao mercado e vexa que alí hai postos e ver si se xera movemento ao redor do mercado. Que así como van xurdindo iniciativas con “Anajata” e coa Sala Nasma, que tamén está traballando neste asunto, que a ver se dan xerado alí movemento.

-Sobre o saneamento das parroquias, que antes de nada hai que conseguir os proxectos, que son grandes e complexos. Que o teñen que traballar sobre todo con augas.

-Sobre a esplanada de Daniel, que é de Costas e que nunha das visitas de Eimil lles comentaba que en principio vai quedar así. Que na última visita, en Esteiro, lles comentou de poñer uns bancos para que a xente fora contemplar a ría. Que non lle parece o mellor que se pode facer pero que non é mala idea porque a xente pasea de Muros a Louro e que é probable que á xente lle guste ter un sitio para poder sentarse. Que de momento vai quedar así.

-Sobre o canon eólico, que é o fondo de compensación ambiental, contesta o Sr. Quintela, que di que o canon eólico o recada a Xunta e todos os anos o reparte en función do número de eólicos e dos metros de liñas. Que este ano foron 61.400 e pico de euros e van destinados á aforro enerxético no cambio de luminarias por LED. Que este ano vai enfocado ao que é a iluminación da AC 550, en Louro, na parroquia de Serres, desde a Tremenda ata Valdexería. E en Serres na AC 400. Que para Abelleira xa van noutra subvención da Deputación e que por iso, neste caso, van para Louro e Serres. Que a subvención da Deputación non é unha cantidade fixa, que a ver o que conceden para ver o volume de obra que se pode levar a cabo.

-Sobre o paseo de Esteiro, di a Sra. alcaldesa que xa está comentado.

-Sobre o contacontos noutras parroquias, que poden mirar se co persoal que hai se pode facer, porque contratar máis persoal está complexo.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e tres horas e cinco minutos. Dou fe.